

Programa de Academia Factoría da Economía Social

Encontro de Difusión e Captación Aceleradora Es-Factory EspazoCoop - IMPULSA

[En colaboración coa Rede Eusumo e o programa ES Factory (PocTep)]

DATA REALIZACIÓN	25 de marzo de 2025	DURACIÓN	5 horas
HORARIO	09:00 h – 14:00 h		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Pazo Vista Real de Vilanova. Camiño de Boutrín nº 7, 36629 (Vilanova de Arousa) – Polo emprendemento Vilanova de Arousa.		
PERSOA DE CONTACTO	Teresa Balado Barciela	TELÉFONO	986866149
		E-MAIL	teresa@espazo.coop

OBXECTIVOS

Establécese como obxectivo xeral da Academia Factoría da Economía Social buscar fortalecer as habilidades das persoas e entidades emprendedoras no ámbito da Economía Social galega, e como obxectivos específicos:

- Fortalecer as capacidades emprendedoras, a través de ferramentas para desenvolver e xestionar proxectos.
- Promover a innovación social, a través de talleres e actividades que fomenten nas persoas solucións orixinais para os desafíos dos seus proxectos.
- Mostrar de xeito práctico e achegado a realidade as condicións e pasos a dar para emprender en Economía Social, achegando recursos e medidas de apoio.
- Analizar as necesidades para crear un proxecto viable na economía social. Elaborar prototipo do proxecto.

PROGRAMA E CONTIDOS

- 09:00 h - Recepción de asistentes.
- 09:30 h - Benvida institucional.
- 10:00 h - Presentación Academia Factoría da Economía Social : Es-Factory EspazoCoop - IMPULSA . Experiencia dun proxecto acelerado: Somos Terra S. Coop. Galega.
- 11:00 h - Descanso - Café.
- 11:30 h - Mesa de alternativas financieras con Coop 57 Galicia, Fiare Finanza Éticas, AIS O Peto, e crowdfunding.
- 12:30 h – Mesa de proxectos financiados por entidades da Banca ética, social e solidaria, con Somos Terra S. Coop. Galega e Alalá S. Coop. Galega.
- 13:15 h - Debate aberto, rolda de preguntas.
- 13:45 h - Peche.

METODOLOXÍA

Desenvolverase un método de traballo que combina a análise e reflexión estratéxica o intercambio de opinións e experiencias que sirvan para estimular e ordenar o diálogo nun plano de igualdade e enriquecemento mutuo.

DIRIXIDO A

Dirixido a persoas en desemprego, que buscan unha alternativa de autoocupación. Persoas con ideas de negocio, promotoras de emprendementos, interesadas en emprender a través de modelos empresariais de economía social. Persoas interesadas en aumentar as súas habilidades e capacidades para crear ou consolidar os seus proxectos de emprendemento en economía social. Persoas de empresas da economía social, de recente creación, que busquen a súa consolidación e un salto de escala. Persoas emprendedoras que queiran validar os seus produtos e/ou servizos antes de lanzalos definitivamente ao mercado. Proxectos ou empresas da economía social que busquen financiamento para os seus proxectos.



Esta actividade enmárcase no programa de actuación 2024-2025 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería Emprego, Comercio e Emigración para o fomento do cooperativismo e a economía social.